

Texto: **Andrés Fuertes Palomera**  
Portada e fotos: **Santiago Vega López**  
Coordinación: **Juan Andión Marán**

Diocese de Tui-Vigo  
Delegación de Patrimonio  
Doctor Corbal, 90  
36207 Vigo  
[www.diocesetuivigo.org](http://www.diocesetuivigo.org)

Dep. Legal: VG 70-2013

**E**sta parroquia reconece por Patrón tutelar a Santiago Apóstolo o Maior, que celebran o 25 de Xullo. Habitana 220 veciños, q.º corresponden polo contencioso político e gubernativo á Xustiza q.º aquí hai como cabeza q.º é de Xurisdición e partido. Reditúan os seus décimos 22 mil rr.º, que percibe insolidum o Párroco. Ten Casa Reitoral e Igraxario de produto anual libre de cultivo 42 rr.º Ademais percibe de renda cada ano 18 ferrados de miúdo. A fábrica da Igrexa cobra 2 ferrados e 3 cuartos de centeo, 2 e 3 cuartos de miúdo, e 5 rr.º en diñeiro. Paga á Mesa Episcopal de Tui 5 soldos leoneses, 1 libra de cera, 6 marabedís vellós. Este Beneficio é presentación do Marqués de Camarasa pola Casa de feanes q.º posúe. Ten Mercado todos os xoves do ano, e feira o 8 de cada mes. Goza dunha ermida baixo o título de S.º Pedro, e outra dedicada á Concepción de N.ª S.ª. Dista da capital Tui 5 leguas." (Ávila y La Cueva, 410).





## Igrexa parroquial

Xa temos coñecemento desta parroquia no século XIII polo texto tantas veces citado dos Milagres de S. Pedro Telmo.

Estiveron unidas a ela a actual parroquia de A Lamosa co seu barrio de Corzós. A distancia que as separaba era considerable, e os camiños difíciles, polo que os veciños solicitaron un centro parroquial propio sen ter que ir a Covelo. Xa que logo, no ano 1644, o Bispo Martínez Zarzosa determinou que na ermida de S. Bartolomeu da Lamosa se realizasen os actos de culto máis significativos.

A familia que tiña a presentación da parroquia de Covelo, os Ozores de Theanes, opúxose. Ao final logrouse un acordo no que se permitía celebrar a misa dominical, administrar os sacramentos e enterramentos na Lamosa, excepto ter a pía bautismal, para

que non creran os veciños que era anexo, senón unha capela de Covelo.

No ano 1780, na visita pastoral de Fernández Angulo, os veciños insisten e móstranlle as distancias e o dificultoso dos camiños. Despois de comprobalo por si mesmo, determinou a concesión da pía bautismal e abrir libro de bautismos, o que foi aceptado en 1784 polo presentador Sarmiento de los Covos, conde de Ribadavia e Amarante, señor da casa de Theanes e Señor da Xurisdición de O Covelo.

A familia dos Ozores de Teanes eran presenteiros de varias parroquias da diocese de Tui, entre elas a de Covelo, onde nunha das paredes do templo está o seu escudo familiar: un león rampante atravesado por espada espida. Aínda no ano 1884 era parroquia de presentación que lle correspondía ao conde de Ribadavia.

A igrexa ten planta de cruz latina. Nela fixéronse diversas modificacións. A **fachada principal** (069), cara ao poñente, é moi sinxela. A porta, de arco de medio punto, está centrada. Por riba dela ten o escudo coroado dos presentadores, a casa dos Ozores, e na mesma liña un ocelo moldurado. No centro, sobre unha cornixa voada, a espadana, de un só corpo con dous ocos de medio punto, rematada en frontón triangular cun ocelo central. Ten pináculos de bola nos seus extremos e cruz pétrea no vértice.

Os paramentos cóbrense con sopenas.

Nos paramentos norte e sur da nave ten tres contrafortes de sustentación dos arcos, e unha ventá rectangular no terceiro tramo de cada un deles. No sur tiña tamén unha porta no cuarto tramo, xunto á unión coa capela lateral, agora tapiada. O tellado da nave é a dúas augas, e apoia sobre unha moldura corrida. Na actualidade a cuberta interior é de cemento. Esta obra, igual que a do piso, realizouse no ano 1972.

A capela do lado norte ten unha pequena porta rectangular ao oeste, e unha fiestra moldurada ao norte. Na capela do sur tamén presenta o mesmo tipo de ventá. Esta capela ten dous contrafortes esquinais, necesarios como responsións á bóveda de cruzaría do seu interior. A cuberta destas capelas é a tres augas.

Polo **lado norte** (071), entre a capela do cruceiro e a sancristía, pegada á capela maior, engadiuse un pequeno corpo máis baixo, con tellado a unha auga e con porta exterior, xa que non comunica co interior da igrexa. Sobre este corpo e na súa correspondencia do lado sur, no paramento de unión da nave coa capela maior, había unha xanela rectangular que na actualidade está tapiada nos dous lados.


A sancristía, máis baixa que as capelas do cruceiro, ten a cuberta a tres augas e dúas fiestras: unha ao norte e outra ao leste.

A capela maior é de planta cadrada, máis alta que a nave e as capelas. A súa cuberta, a catro augas e con pináculos de bola, e cruz metálica de Santiago no cumio, foi renovada no ano 1984. Ten unha ventá ao norte que comunica coa sancristía. No lado sur ten outras dúas, de distintos tamaños e a distintas alturas. Moi próximo á cabeceira por este lado, atópase outro escudo dos Ozores labrado na pedra, sobre a Cruz de Santiago, o mesmo que o que está na fachada principal.

No **interior** (072), o piso é de terrazo fundido. Os paramentos e os arcos mostran a pedra. O teito e os lunetos dos arcos son en branco. Os arcos da nave son apuntados e apoian en ménsulas, menos o terceiro que, polo lado sur, apoia nun machón que entra na nave. Teñen as arestas matadas en chafrán. As ventás teñen moito derrame cara ao interior.

Os arcos da capela maior, e os das capelas do cruceiro, son de medio punto. Teñen molduras.





073

A capela do sur consérvase enteira en pedra vista. A súa **bóveda é de cruzaría** (073) composta de moi boa factura. Apoia en ménsulas angulares, das que parten catro nervios de cada unha delas. A clave central presenta unha gran flor de botón. Nas unións dos nervios, formando unha cruz con ela no centro, ten outras claves máis pequenas. En tres delas mostra distintas flores e, na cuarta, a Cruz de Alcántara.

A capela do norte conserva a pedra vista ata a imposta da bóveda. Esta é de canón en pedra, aínda que está pintada en branco.

O mesmo sucede na capela maior, na que por debaixo da pintura obsérvanse os perpiaños labrados. A súa imposta está partida por unha das ventás cara ao sur.

O **retablo** (074) ocupa todo o paramento. Un sotobanco de pedra, co altar no centro, sostén toda a estrutura. A súa predela ten ménsulas adiantadas, adornadas con follaxe. No centro dos paneis están os apoios das fornelas, con follas que forman veneras na parte superior. Aos lados, pilastras con adorno vexetal. A predela ábrese no centro para acoller o sagrario con expositor.



074

O sagrario ten unha porta co relevo do Bo Pastor, e unha moldura exterior que coroa unha cabeza de anxo. Sustenta o expositor con dous pequenos estípites por cada lado. O expositor fórmase con seis columnas co nacente en volutas nas que apoia unha semiesfera galonada. O arco central ten un adorno en crestería. Nel está unha representación do Neno Xesús.

Dous pares de pilastras, unhas adiantadas e outras posteriores, serven de apoio para os estípites e as pilastras posteriores da fornella central. Nela está,

sobre peaña, a imaxe do **Patrón, Santiago Apóstolo** (070). Aparece representado de peregrino con zurrón, bordón con cabaza na man dereita e libro na man esquerda, esclavina e sombreiro con venera. O arco da fornela é rebaixado, con crestería, e péchase con cúpula galonada.

As rúas laterais enmárcanse con estípites. As fornelas son pouco fondas, case planas, con arco de medio punto e encrestadas. As imaxes da Virxe do Carme e de Sto. Antón están sobre peañas. Os fondos son en cores neutras, e o entrepano superior, para alcanzar a altura da fornela central, cóbrese con marmoreado. Remátanse na parte superior con tarxas que adoptan a forma de veneras. Por ser este un dos símbolos do Apóstolo Santiago, atopámolo en moitos lugares deste retablo como adorno, ata nos estípites. Os entrepanos adórnanse con grilandas, e o peche exterior con follaxe.

Unha cornixa moi quebrada dá paso ao ático, tamén con tres rúas e fornelas pouco fondas. As laterais sobre os estípites da rúa central do primeiro corpo, e a central sobre a cúpula do Patrón. Sepáranse con pilastras adornadas de grilandas. Os arcos son de medio punto e con encrestados. Nas laterais están S. Luís Gonzaga e S. Telmo, e na central Sta. Bárbara. Aproveitando os esquinais, as tallas máis pequenas de S. Brais e Sta. Lucía. Toda a imaxinería é de madeira e de moi boa factura. Os entrepanos teñen a mesma decoración e marmoreados do corpo do retablo.


Coróase o conxunto co **escudo dos Ozores** (075).

Foi restaurado no ano 1987, pero os dourados están oxidando e precisaría unha nova intervención.

Ademais da imaxe do Patrón, que preside o retablo maior, hai **outro Santiago Peregrino** (076) coa mesma representación, pero moi semellante a do Patrón de Prado da Canda.

Na capela do Norte aínda hai outra imaxe de Santiago, pero nesta ocasión na representación da **Batalla de Clavixo** (077), montado sobre cabalo branco e loitando coa espada levantada.

Da importancia que tivo esta parroquia e os seus presentadores, fálannos os cálices, a custodia e a cruz





parroquial, realizados por prateiros coñecidos no ámbito tudense. Na actualidade están depositados no Museo Diocesano. Entre outros, a custodia de prata dourada, con resplandores, uns deles rectos e rematados en estrelas, e outros flamíxeros. Foi realizada por Francisco Castro, que traballaba en Vigo, e ten datadas varias obras en 1730.

Hai tamén un cáliz de prata sobredourada co punzón de Simón Antonio Pérez de la Rocha, veciño de Tui, que ten unha ampla produción de obxectos litúrxicos na nosa Diocese. A partir do ano 1745, traballou sobre todo para a catedral de Tui, que conserva numerosas pezas del, como a esclavina e o bordón de S. Roque, o barco e a vela de S. Telmo, as gradas, frontal e arco do altar maior, etc. Morreu en 1769 en Tui, sendo



enterrado na capela da Soidade, da Catedral.

Conserva así mesmo un cáliz e unha custodia dourada co punzón de Francisco Borrajo de Castro, prateiro veciño de Tui, que traballou polo ano 1717 en diante. Interveu como perito prateiro no proceso de canonización de S. Telmo, no que se lle preguntou sobre a antigüidade do báculo e da urna do santo, e tamén sobre o cáliz de coco que se conserva na Catedral.

Hai ademais un cáliz, co punzón de Bernardo Antonio de la Vega Giráldez, prateiro veciño de Tui, que ten datadas obras no ano 1750. Conserva así mesmo un xogo de **incensario e naveta** (078) da mesma época.

A Cruz Parroquial presenta unha macolla de cubo con dúas semiesferas, superior e inferior, adornadas con cabezas de anxos. En cada unha das caras ten un Evanxelista. Adórnase con cresterías. A Cruz remata os brazos con trilobulados en punta. En cada espello deles represéntanse: no anverso os Padres da Igrexa latina; no reverso: S. Pedro no superior, S. Paulo e Santiago o Menor aos lados, e no inferior S. Lourenzo.

No cuarteirón anterior está o anagrama de Xesús. O Cristo superponse suxeito por tres cravos. No posterior está a representación de **Santiago**



**Matamouros** (079) cunha orla vexetal. Todas as figuras son douradas, menos o cabalo de Santiago que mantén o seu color de prata. Nos extremos do cuarteirón nacen raios de gloria.

Adorna os seus panos con grilandas de flores.

No Museo Diocesano tamén están depositadas dúas **Cruces de Estandarte** (080). Nunha delas hai a seguinte inscrición: "*ESTA CRUZ ES DE LA FABRICA DE SANTIAGO DE COBELO ADVOCACION DE DN TOMAS ALBARES AÑO 1751*", e na outra: "*ESTA CRUZ ES DE LA FABRICA DE LAS ANIMAS DE SANTIAGO DE COBELE AÑO 1751 A COSTA DE DN TOMAS ALBARES*".

Hai igualmente unha imaxe da **Virxe da Expectación** (081), do século XVIII, de moi boa factura.

Na praza está o **Cruceiro** (082-083) esculpido polo Mestre Cerviño no ano 1899. A súa dedicación é ao Cristo dos Aflixidos. Representao morto na Cruz e cun anxo recollendo o sangue nun cáliz. No reverso está a imaxe da Asunción da Virxe, co Espírito Santo apoiando sobre a Cruz.

O capitel, con volutas e follas de acanto, mostra nos centros caras de anxos que volven a súa cabeza cara ao ceo.



No fuste, pola parte anterior, está a representación da Inmaculada. E máis abaixo, sobre unha peaña, a expulsión de Adán e Eva do Paraíso.


Sobre a base, Santiago Peregrino e O Salvador. Nos centros e nas esquinas, as representación da Industria, Agricultura, As Artes e a Xustiza.

Na parte inferior, un peto de Ánimas policromado.

Foi restaurado no ano 2007.

Unha curiosidade: Os antigos procuradores de Covelo gozaban do privilexio de celebrar as sesións sen descubrir a cabeza. Este privilexio foi confirmado pola Audiencia de Galicia, que dispuxo que permaneceran todos cubertos excepto o presidente, o secretario e o escribano.





## Capela da S. Pedro

Está no barrio da Hermida.

É unha pequena capela de 60 m<sup>2</sup>, da que temos xa noticia no ano 1854.

Presenta unha nave rectangular e unha capela maior máis alta. A fachada principal non ten adorno algún, máis que un pequeno ocelo sobre a porta de arco rebaixado, e o comezo da cornixa que sustenta a cuberta a dúas augas. Nos extremos ten pináculos de bola e sopenas que ascenden ata a base da pequena espadana, dun oco, con remate de cruz pétreo.

A capela maior, cadrada, presenta tellado a catro augas e con pináculos de bola nos extremos. Ten dúas fiestras simétricas.

No interior, o piso e os paramentos son de pedra, e a cuberta de madeira. A tribuna é de cemento.

Ten un pequeno **retablo neoclásico** (084), coa imaxe de S. Pedro na fornela central, e nas laterais a Virxe do Carme e S. Xosé.

Dende o ano 2001 pódese contemplar a **imaxe recuperada dun S. Pedro** (085), labrado en pedra de forma moi basta. Estaba en dúas pezas: o corpo formaba parte do tellado, a modo de pináculo, e a cabeza, encontrada nun camiño, chegou ata Lisboa. Na man dereita ten unha chave e colga deste ombreiro un zurrón, e na esquerda un libro. Non ten datación precisa.

A rehabilitación da capela levouse a cabo no ano 1999.

No Museo Diocesano ten depositado un cáliz, do prateiro Cruces, con esta inscrición no pé: *"ESTE CALIS SE HIZO DE LIMOSNAS QUE DIERON LOS VEZINOS DE LA ERMIDA A Sn Po"*.

Hai noticias de outra ermida, hoxe desaparecida, dedicada á Concepción de María no lugar do Castro, e fundada por Xoán Cotón e Sarmiento. Dela téñense testemuñas nos anos 1780 e 1784.

Nese monte do Castro está a Cruz xubilar de Cristo Rei. É unha cruz de pedra enteiriza, de sección rectangular, apoiada directamente nuns penedos do cumio do monte. A esta cruz pegouse outra pequena cruz, con Cristo de mármore branco, e unha praza coa lenda: *"CRISTO REY"*.

### FESTAS E ROMAXES DE SANTIAGO DE COVELO

- Santiago Apóstolo: 25 de Xullo.
- Virxe das Dores: 1º domingo de setembro
- Virxe do Pilar: 12 de outubro

